

Vítor é autista

Rosa Araújo García
Milagros Torrado Cespón



Idea orixinal: Rosa Araujo García.

Texto: Rosa Araújo García e Milagros Torrado Cespón.

Pictogramas: Sergio Palao para ARASAAC (Centro Aragonés para la Comunicación Aumentativa y Alternativa) (<http://www.arasaac.org>), distribuidos baixo Licenza Creative Commons BY-NC-SA.

Imaxes:

Vitor: Torrado Cespón, M. (2025). *[Imaxe dun neno con distintas expresións faciais, creada con intelixencia artificial]* [Imaxe xerada con DALL·E, OpenAI]. ChatGPT (versión GPT-5). <https://chat.openai.com/>

Demais imaxes: Canva.

Edita BarbanTEA. Asociación de Trastornos do Espectro Autista do Barbanza

Centro Social de Boiro – Rúa Manuel María, 1, 15930 – Boiro (A Coruña).

info@barbantea.org

Coa colaboración de **Rosa Araújo Logopeda**

Tenencia, 10, Baixo

15930 – Boiro (A Coruña).

rosalogopeda@yahoo.es

Edición e impresión financiada polo Concello de Boiro ao abeiro do convenio asinado con cargo aos orzamentos municipais correspondentes ao ano 2025.

ISBN: 9791399135916

DL: C 1833-2025




Ola! Chámome Vitor e son **AUTISTA**.

Ser autista non significa que non sexa un neno coma os demais. A min gústame xogar, pasalo ben, as cóxegas, ir ao parque, á praia, ás atraccións... O que pasa é que o meu cerebro funciona un pouco diferente ao da maioría de nenos e nenas.




Por exemplo, gustaríame falar con todos, pero cústame moito expresarme e entender o que me din. Para min é moito mellor se me ensinas unha imaxe porque **penso de forma visual.**

Sabes que son os **PICTOGRAMAS**? Seguro que si. Son eses debuxos que hai polo cole que nos ensinan onde está a biblioteca, as aulas, os baños... Cos pictogramas e os debuxos entendo e recordo moito mellor.



biblioteca



aula



baños

Tamén me custa un pouco recoñecer as **emocións** dos demais, pero iso non significa que non teña emocións! Eu tamén me enfado, choro, río e desgústome coma ti. Frústrome máis porque non son capaz de expresarme ben. Seguro que ti me podes axudar. Vouche explicar.



Ao custarme dicir o que penso ou o que quero, ás veces enfádome porque non me sei como pedir as cousas ou expresar que estou mal. Cando isto ocorre, necesito que alguén me axude co que non me está saíndo ou ir ao meu **ESPAZO DE CALMA.**



Que é o ESPAZO DE CALMA? É un lugar ao que necesito ir e estar un pouco eu só para volver a estar tranquilo.

Despois están os imprevistos, que me poden confundir moito. A min gústame que todo o día estea ordenado. Así sei que teño que facer en cada momento. Cando hai novidades, necesito **ANTICIPACIÓN**.



PRIMEIRO



DEPOIS

Isto quiere decir que me tes que avisar dos cambios. Por exemplo, se estou na aula e non vai haber recreo porque hoxe vén un contacontos, avísame. Así podo cambiar o meu plan e adaptarme ao novo. Irei **tranquilo** e o os meus compañeiros e compañeiras estarán tamén tranquilos.





Queres saber máis? As persoas autistas temos o que se chama unha **DESORDE NO PROCESO SENSORIAL**. Isto quiere dicir que percibimos o que pasa ao noso arredor de forma diferente aos demais. Si, sei o que estás a pensar, eu tamén lle chamo un *súper poder*, pero ter un súper poder pode ser un pouco difícil.





Imaxina que escoitas todos os ruídos coa mesma intensidade e ao mesmo tempo: as pisadas polo corredor, os paxariños, os berros do recreo, os botes da pelota... Uf, hai días que non son capaz de soportalo!

Outras persoas autistas teñen o poder do **súper olfacto**. Isto significa que perciben os cheiros con máis intensidade que o resto da xente. Cando chegan á porta da casa xa saben se hai pastel de chocolate de sobremesa.



Hai a quen lle pasa coas comidas e ten o poder do **súper gusto**. Este poder fai sentir os sabores moito máis e pode facer que **molesten** na boca, tanto polo exceso de sabor como pola textura.



Tamén hai persoas autistas ás que non lles gustan que as abracen ou acaricien porque **senten demasiado** cando as tocan. E outras, precisan que as apertas sexan moi fortes.





As persoas autistas somos moi **honestas** e acostumamos a dicir todo o que pensamos. Non nos gusta mentir nin que nos mintan e tes que ter coidado se nos fas bromas, porque nos custa moito entendelas. Confiamos na xente, así que, por favor, sempre que esteas con unha persoa autista, fálalle de forma clara e directa.


As persoas autistas podemos ter problemas na **escola** coma as demais, tamén podemos sacar un dez en todo ou ir ao nivel do resto de nenos e nenas. Polo xeral, destacamos nas materias que nos gustan porque nos fixamos moito.



É moi importante para min que as miñas compañeiras e os meus compañeiros da escola entendan o que me pasa e me axuden. E lembra:

O autismo non é unha enfermidade, só unha forma diferente de ver e sentir o mundo.





BarbanTEA

**Asociación de Trastornos do Espectro Autista do
Barbanza**

Coa financiación de:



Coa colaboración de:

